

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 3 de decembro de 2021 pola que se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e servizos para o ano 2021 (código de procedemento IN417Y).

Mediante a Resolución do 29 de decembro de 2020 que foi publicada no DOG número 10, do 18 de xaneiro de 2021, establecéronse as bases reguladoras e se anunciou a convocatoria de subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e servizos.

O artigo 3.1 das bases reguladoras prevé a posibilidade de redistribuír o orzamento se nalgunha das epígrafes non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles e noutra das epígrafes existe listaxe de espera. O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 15 de outubro non rexistrándose solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles nas epígrafes correspondentes a Peme e Grande empresa de proxectos de aforro e eficiencia enerxética do sector servizos (PAES) e con todo non se dispón de dispoñibilidade orzamentaria suficiente nas epígrafes correspondentes a Peme e Grande empresa de proxectos de aforro e eficiencia enerxética do sector industrial (PAEI).

O artigo 31 do Decreto 11/2009, establece que cando a contía Total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, e dado que nas aplicacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recurso públicos, maximizando o impulso de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e servizos.

RESOLVO:

Primeiro. Redistribuír os fondos destinados ás subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e servizos para o ano 2021 en



función do volume de solicitudes recibido modificando a táboa do artigo 3.1 da Resolución do 29 de decembro de 2020 do seguinte xeito:

– Dotación orzamentaria inicial:

Distribución por líña de axuda	Tamaño empresa	Ano 2021 (€)	Ano 2022 (€)	Total (€)
PAEI-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector industrial	Peme	2.400.000,00	1.200.000,00	3.600.000,00
	Gran empresa	1.600.000,00	800.000,00	2.400.000,00
PAES- Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector servizos	Peme	1.369.200,00	1.030.800,00	2.400.000,00
	Gran empresa	912.800,00	687.200,00	1.600.000,00
Total		6.282.000,00	3.718.000,00	10.000.000,00

– Modificación orzamentaria:

Distribución por líña de axuda	Tamaño empresa	Ano 2021 (€)	Ano 2022 (€)	Modificación Total (€)
PAEI-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector industrial	Peme	800.000,00	80.000,00	880.000,00
	Gran empresa	700.000,00	100.000,00	800.000,00
PAES- Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector servizos	Peme	-800.000,00	-80.000,00	-880.000,00
	Gran empresa	-700.000,00	-100.000,00	-800.000,00
Total		0,00	0,00	0,00

– Dotación orzamentaria final:

Distribución por líña de axuda	Tamaño empresa	Ano 2021 (€)	Ano 2022 (€)	Total (€)
PAEI-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector industrial	Peme	3.200.000,00	1.280.000,00	4.480.000,00
	Gran empresa	2.300.000,00	900.000,00	3.200.000,00
PAES- Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector servizos	Peme	569.200,00	950.800,00	1.520.000,00
	Gran empresa	212.800,00	587.200,00	800.000,00
Total		6.282.000,00	3.718.000,00	10.000.000,00

Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a modificación do prazo establecido para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021

Paula María Uría Traba
Directora do Instituto Enerxético de Galicia

